

Traballos de Fin de Titulación (TFG/TFM) en Institucións ou Empresas Externas

Información para as entidades colaboradoras da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación

BASES NORMATIVAS

A [Normativa para a Realización do Traballo de Fin de Grao](#) da **Universidade de Vigo** indica no artigo 3, punto 5: *“O traballo de fin de grao poderá elaborarse en institucións ou empresas externas á Universidade de Vigo, nos termos que se establezan nos convenios institucionais asinados. Nese caso, existirá a figura da persoa cotitora pertencente á institución ou empresa. A persoa titora académica compartirá coa persoa cotitora as tarefas de dirección e orientación do/a estudante, e será, en calquera caso, responsabilidade da persoa titora académica facilitar a xestión”*


As [Normativas e Procedementos dos Traballos de Fin de Grao \(TFG\) e Traballos de Fin de Máster \(TFM\)](#) da **Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET)** tamén recollen esta posibilidade fixando o número de horas que é preciso realizar na entidade colaboradora alomenos ao 80% das horas totais consideradas:

- TFG do Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación ([GETT](#)): 240 de 300 horas
- TFM do Máster en Enxeñaría de Telecomunicación ([MET](#)): 600 de 750 horas
- TFM do Máster Interuniversitario en Ciberseguridade ([MUniCS](#)): 300 de 375 horas
- TFM do Máster en Matemática Industrial ([M2i](#)): 180 de 450 horas.
- TFM do Máster Internacional en Visión por Computador ([imcv](#)): 648 de 810 horas
- TFM do Máster en Ciencia e Tecnoloxías da Información Cuántica ([MQIST](#)): 300 de 375 h.
- TFM do Máster Universitario en Internet das Cousas - IoT ([MUIoT](#)): 120 de 150 horas

ANTECEDENTES

O proceso de realización dun traballo de fin de titulación na EET comeza coa presentación dunha proposta dun tema no que se propoña a resolución dun problema ou o desenvolvemento dun proxecto no ámbito da Enxeñaría de Telecomunicación.

Os temas poden ser propostos polo profesorado, polo estudantado ou por entidades colaboradoras externas, se ben **para que sexan aprobados deben contar cun membro do profesorado da EET que actúe como persoa titora académica.**



PROPOSTA DE TEMAS PARA TRABALLOS FIN DE TITULACIÓN NA EET

- Cando a entidade colaboradora xa teña acordado a temática cunha persoa que actúe como titora académica, será dita persoa a que realice a proposta de forma directa usando as canles establecidas no centro.
- Noutro caso, é dicir, cando a entidade externa queira facer unha proposta temática **pero non conte cunha persoa titora académica**, a entidade externa deberá cubrir o formulario que figura como Anexo deste documento e enviarlo á persoa que coordina os Traballos de Fin de Titulación da EET (teleco.tfg.tfm@uvigo.gal). O procedemento de envío de propostas, procura de titor/a académico/a e publicación e asignación de estudante seguirá o calendario que se indica a continuación

CALENDARIO para os másteres [MUniCS](#), [imcv](#)

1 de maio – 21 de maio	Recepción de propostas de entidades colaboradoras
22 de maio– 15 de xuño	Procura e asignación da persoa titora académica
16 de xuño – 31 de xullo	Procura e asignación de estudante

CALENDARIO para o grao [GETT](#) e os mestrados [MET](#), [M2i](#), [MQIST](#) e [MUIoT](#)

Recepción de propostas de entidades colaboradoras	1 de setembro – 21 de setembro
Procura e asignación da persoa titora académica	22 de setembro – 15 de outubro
Procura e asignación de estudante	16 de outubro – 30 de novembro


Non se garante que se poidan asignar persoas titoras académicas e estudantes para as propostas realizadas.

INFORMACIÓN IMPORTANTE

A realización de Traballos Fin de Titulación na EET precisa que estea en vigor un **convenio específico** entre a entidade e a Universidade de Vigo para a realización destes traballos.

Os traballos de Fin de Titulación na EET son publicados nun repositorio aberto. É posible a realización de traballos baixo unha cláusula de **confidencialidade**, se ben se limita a un período de 2 anos a non divulgación dos traballos presentados.

Contacto: Coordinación de Traballos de Fin da Titulación: teleco.tfg.tfm@uvigo.gal



ANEXO I

**PROPOSTA DE TRABAJO DE FIN DE TITULACIÓN
ESCOLA DE ENXEÑARÍA DE TELECOMUNICACIÓN**

CURSO 20__/_

A ENTIDADE COLABORADORA:

Denominación:

Dirección:

Localidade: Provincia: Código Postal:

Representada por:

Nome: Apellidos: DNI:

Teléfono: Correo electrónico:

Cargo:

EXPÓN:

Que desexa propoñer o seguinte tema para que sexa realizado por un estudante da E.E.T. como:

- TFG (300 horas) TFM MET (750 horas) TFM MUniCS (375 horas) TFM M2i (450 horas)
 TFM imcv (810 horas) TFM MQIST (375 horas) TFM MUIoT (150 horas)

Tema:

Obxectivos

Tarefas e medios necesarios

Enviar á Coordinación de Traballos de Fin da Titulación: teleco.tfg.tfm@uvigo.gal

